



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº 2/2025 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 5 DE FEBREIRO DE 2025 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnenos os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA
ASISTEN: PP
FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA
MIGUEL FREIRE GÓMEZ
ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ
AZUCENA CAO SIERRA
JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ
ENRIQUE OTERO REY
PSOE
ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS
MARTÍN REGO BAAMONDE
SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometidas a votación a aprobación da acta da sesión anterior, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Non a aprobamos pola razón de sempre, ausencia dunha gravación de audio, como mínimo.*”

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 13 de xaneiro de 2025.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da Alcaldía e o Pleno queda enterado das seguintes:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Nº Decreto	Asunto
------------	--------



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00300/2024	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS CONCURSO ANIMACIÓN Á LECTURA MARÍA MOLINER
00301/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 9/2024
00302/2024	APROBACIÓN PUBLICACIÓN CONVOCATORIA PROCESO ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021
00303/2024	APROBACIÓN ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00304/2024	APROBACIÓN CONCESIÓN PERMISOS E LICENZAS DE PERSOAL NOVEMBRO 2024
00305/2024	APROBACIÓN CONCESIÓN PERMISOS E LICENZAS DE PERSOAL SAF NOVEMBRO 2024
00306/2024	APROBACIÓN ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS-FEGAMP
00307/2024	APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN FESTA MARISCO 2024
00308/2024	APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN FESTA NADAL 2024
00309/2024	APROBACIÓN CONCESIÓN PERMISOS E LICENZAS DE PERSOAL - SAF
00310/2024	APROBACIÓN COPAGO SAF Agosto 2024
00311/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN IMPRENTA POR FESTA DO MARISCO 2024
00312/2024	APROBACIÓN ADQUISICIÓN MATERIAIS DO XANTAR DA FESTA DO MARISCO 2024
00313/2024	APROBACIÓN ADQUISICIÓN CERÁMICA DA FESTA DO MARISCO 2024
00314/2024	APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN - PLAN ASISTENCIA Á INFANCIA 2024
00315/2024	APROBACIÓN ALTA NO SAF
00316/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN MÚSICA DA FESTA DO MARISCO 2024.
00317/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN REPORTAXE FOTOGRÁFICO MARCHA "De Faro a Faro Contra as Violencias Machistas" 2024
00318/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN OBRADOIRO DE VELAS NA FESTA DO MARISCO 2024
00319/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN CHARANGA PARA A FESTA DO MARISCO 2024
00320/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PREGOEIRO PARA A FESTA DO MARISCO 2024
00321/2024	APROBACIÓN ADQUISICIÓN VIÑO PARA O XANTAR DA FESTA DO MARISCO 2024
00322/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 16/2024
00323/2024	APROBACIÓN LISTAXE PROVISIONAL AUXILIARES DE AXUDA ANO FOGAR - PROCESO ESTABILIZACION LEI 20/2021



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00324/2024	APROBACIÓN CORRECCIÓN ERROS MATERIAIS - PACTO DE ESTADO OBRADOIRO 2024_2025
00325/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00326/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00327/2024	APROBACIÓN CONCESIÓN AXUDA MUNICIPAL POR NACEMENTO.
00328/2024	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA NO SAF.
00329/2024	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA NO SAF.
00330/2024	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS FINANCIAMENTO ACTIVIDADES ENVELLECIMENTO ACTIVO
00331/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN XOAN CURIEL POR REDE CULTURAL 2024
00332/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN LA GUAGUA FESTA REIS MAGOS 2025
00333/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN TEATRO CALAVERA POR REDE CULTURAL 2024
00334/2024	APROBACIÓN COPAGO SAF SETEMBRO 2024
00335/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN MATERIAL ENVELLECIMENTO ACTIVO "Historias de Vida"
00336/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN RECOLLIDA INFORMACIÓN "Historias de Vida" - Envellecemento activo.
00337/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SERVIZOS AUDIOVISUAIS PARA ENVELLECIMENTO ACTIVO
00338/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN IMPRESIÓN EXPOSICIÓN "Historias de Vida" - ENVELLECIMENTO ACTIVO
00339/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00340/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN FOTOGRAFÍAS "Historias de Vida" - ENVELLECIMENTO ACTIVO
00341/2024	APROBACIÓN PAGAMENTO QUILOMETRAXE SAF NOVEMBRO
00342/2024	APROBACIÓN PRÓRROGA CONCESIÓN SERVIZO CHIRINGUITO PISCINA MUNICIPAL
00343/2024	APROBACIÓN ADXUDICACIÓN SUBMINISTRO DE DÚAS BATERIAS DE CONDENSADORES - EDAR
00344/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SESIÓN AFA – ENVELLECIMENTO ACTIVO
00345/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS Y GASTOS
00346/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN TRANSPORTE SESIÓN AFA – ENVELLECIMENTO ACTIVO
00347/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00001/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN POR SUBSTITUCIÓN TÉCNICA PAI
00002/2025	APROBACIÓN ALTA NO SAF



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H
Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)
Tel. 981414002 Fax. 98141451
correo@manon.es; www.manon.es

00003/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 1/2025
00004/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 1/2025
00005/2025	APROBACIÓN ADMISIÓN NO PAI
00006/2025	APROBACIÓN ADMISIÓN NO PAI
00007/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00008/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SUBSTITUCIÓN SAF
00009/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL PARA A FESTA DE SAN BLAS 2025 (Ribeiras do Sor)
00010/2025	APROBACIÓN LISTAXE PROVISIONAL TÉCNICO/A PAI
00011/2025	APROBACIÓN LISTAXE PROVISIONAL AUXILIAR PAI
00012/2025	APROBACIÓN LISTAXE PROVISIONAL TÉCNICO/A DE ANIMACIÓN DEPORTIVA - PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEY 20/21
00013/2025	APROBACIÓN CORRECCIÓN DECRETO Nº 10/2025, DE 15 DE XANEIRO - LISTAXE PROVISIONAL TÉCNICO PAI
00014/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL PARA O ENTROIDO NO BARQUEIRO 2025
00015/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS Y GASTOS
00016/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL PARA O ENTRODIO EN MAÑÓN 2025
00017/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN AXUDA MUNICIPAL POR NACEMENTO
00018/2025	APROBACIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN - ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS 2025
00019/2025	APROBACIÓN NOMEAMENTO PERSOAL LABORAL FIXO - PROCESO ESTABILIZACION LEI 20/2021
00020/2025	APROBACIÓN PROXECTO SUBSANADO "MELLORA ABASTECIMENTO ETAP E DEPÓSITO RIBEIRAS DO SOR"
00021/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN PERMISOS Y LICENCIAS DE PERSONAL 12/2024 Y 01/2025
00022/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN PERMISOS Y LICENCIAS DE PERSONAL 12/2024 Y 01/2025 SAF
00023/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL ENTROIDO EN GRAÑAS DO SOR 2025
00024/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL EN PORTO DE BARES 2025
00025/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL ENTROIDO EN VILA DE BARES 2025
00026/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SUBSTITUCIÓN SAF
00027/2025	APROBACIÓN SOLICITUDE AXUDAS ACTIVIDADES EN MATERIA DE XUVENTUDE DURANTE 2024-2025 (FEMP)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00028/2025	APROBACIÓN MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS
00029/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ANIMADOR ENTROIDO INFANTIL O BARQUEIRO 2025
00030/2025	APROBACIÓN PAGAMENTO QUILOMETRAXE SAF DECEMBRO
00031/2025	APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO TRIENIOS.

3.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS-2025.

Polo Sr. Alcalde dase conta doas actuacións a incluír no POS+ 2025.

O Sr. Rego Baamonde manifesta “Non temos documentación axeitada; non se cumpriu o que se dixo de enviar a documentación con catro días de antelación”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e a abstención dos Concelleiros do P.S.de G-P.S.O.E, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	189.840,56 €
Subtotal gasto corrente	189.840,56 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
ACONDICIONAMENTO E HUMANIZACIÓN RÚA D. FEDERICO MACIÑEIRA E PARDO DE LAMA (O BARQUEIRO)	54.768,79 €				54.768,79 €
CONSERVACIÓN E MELLORA DO EDIFICIO DO SEMÁFORO E ANEXO	48.548,14 €				48.548,14 €
ESTRADA IGREXA O BARQUEIRO	58.811,31 €				58.811,31 €
RENOVACIÓN ALUMEADO PORTO DE BARES	68.762,23 €				68.762,23 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	230.890,47 €				230.890,47 €



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H
Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)
Tel. 981414002 Fax. 98141451
correo@manon.es; www.manon.es

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostíbeis)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
MELLORA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN MEDIOAMBIENTAL RÍO SOR	34.259,01 €				34.259,01 €
Subtotal investimentos achega provincial 2024	34.259,01 €				34.259,01 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0,00 €			0,00 €
	Achega 2024	189.840,56 €			189.840,56 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	230.890,47 €			230.890,47 €
	Achega 2024	34.259,01 €			34.259,01 €
C- TOTAL	Achega 2025	230.890,47 €			230.890,47 €
	Achega 2024	224.099,57 €			224.099,57 €
	TOTAL	454.990,04 €			454.990,04 €

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbeis que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
ACONDICIONAMENTO E CUBERTA EN LEIRA MUNICIPAL EN O BARQUEIRO	72.280,20 €		72.280,20 €
TOTAIS	72.280,20 €		72.280,20 €

TERCEIRO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

4.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ADICIONAL 3/2025.

Polo Sr. Alcalde dase conta do contido do POS+ADICIONAL 3/2025.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Participar no POS+Adicional 3/2025, asignando o importe de 81.490,75 euros á redución da débeda coa Deputación de A Coruña pola utilización do



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

préstamo provincial do Plan de aforro e investimentos (PAI) 2015 e 2016 e Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único Concellos (POS+) 2017 a 2023.

SEGUNDO.- Remitir certificación do presente acordo á Deputación de A Coruña

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

Procédese polo Portavoz do Grupo Municipal Socialista, Sr. Rego Baamonde, á lectura da moción presentada no Rexistro do Concello o día 5 de decembro de 2024 e que se transcribe literalmente:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de MAÑÓN, a través do/a portavoz, PS de G. PSSE, de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN PARA A CREACIÓN INMEDIATA DUNHA UNIDADE DE REHABILITACIÓN CARDÍACA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL** en base ós motivos e consideracións expresadas na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a OMS, “a Rehabilitación Cardíaca (RC) é un conxunto de actividades necesarias para asegurar ás persoas afectas de cardiopatías, unha condición física, mental e social óptima, que lles permita ocupar, polos seus propios medios, un lugar tan normal como lles sexa posible na sociedade” (ano 1964).

En España, a cardiopatía isquémica é a primeira causa de mortalidadeR provocando un elevado custo económico, social e unha deterioración importante da calidade de vida das persoas afectadas.

Os programas de Rehabilitación Cardíaca son sistemas terapéuticos multifactoriais, destinados a persoas que padecen enfermidades do corazón.

Neles, a práctica de exercicio físico programado e a actuación sobre os factores de risco cardiovascular, conséguese ralentizar a progresión da arteriosclerosis e unha diminución de novos episodios coronarios, así como o número de hospitalizacións e mortalidade por cardiopatía isquémica, mellorando benestar das persoas afectadas por esta doenza e a súa reinserción sociolaboral.

As guías de práctica clínica internacionais, recomendan, sistematicamente que os pacientes con enfermidades cardíacas participen nos programas de RC para a prevención secundaria integral, con máxima evidencia, segundo o rexistro COCHRANE realizado en 2019.

O momento en que se debe iniciar unha RC xorde coa denominada Fase I: fase de ingreso hospitalario dirixida a non perder masa muscular ou elasticidade co repouso.

A Fase II: É o período máis importante da rehabilitación. Iníciase tras o alta hospitalaria comprendendo os dous primeiros meses.

Nesta fase se programa o nivel de exercicio de cada doente, segundo as súas características clínicas e proba de esforzo, tentando evitar complicacións.

A Fase III: Debe durar toda a vida do doente. Tenta unha reintegración do doente á súa contorna socio-laboral e familiar.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Interesa lembrar os indicadores nas unidades de rehabilitación cardíaca, onde se conseguen magníficos resultados, nas persoas afectadas por esta doenza, así podemos ver que:

- 1) O 70% dos doentes conseguen obxectivos de control lipídico <55 mg/dl. Para iso o 80% dos doentes reciben tratamentos combinados con estatina de alta potencia e ezetimiba. O 5% reciben terapias con IPCSK9.
- 2) O 60% dos doentes son hipertensos, deles o 90% terminan os programas coa hipertensión arterial controlada.
- 3) O 35% son fumadores ao comezo dos programas, pero o 93% consegue o cesamento do tabaquismo ao alta.
- 4) O 27% ten diabetes e de eles ao alta o 90% reciben tratamento con protección cardiovascular e renal.
- 5) O 63% dos atendidos teñen sobrepeso ou obesidade e a metade deles perden peso, mesmo en programas curtos.
- 6) O 80% dos doentes melloran máis dun MET a capacidade funcional ao terminar o programa de rehabilitación cardíaca.

A instalación de Unidades de Rehabilitación Cardíaca, en Galicia, non é equitativa, en relación as áreas sanitarias existentes.

Unha situación que debe ser corrixida para evitar a desigualdade social e que o peso do código postal dos doentes galegos, sexa o maior factor de desequilibrio territorial.

Por elo, é esixible e necesario que todos os hospitais galegos, dispoñan de unidades de rehabilitación cardíaca, ben dotadas de recursos técnicos e humanos.

Na actualidade, en Galicia, existen seis unidades de RC no Servizo Galego de Saúde: Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra, Vigo e Barbanza.

A Unidade máis antiga é a de Lugo, contando con novas instalacións no hospital Lucas Augusti.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

A unidade de RC do Hospital Universitario de Santiago conta cun Programa Multidisciplinar de Rehabilitación Cardíaca da sanidade pública compostelá, valorando a máis de 2.000 doentes desde a súa posta en marcha en 2015. Colabora cunha unidade de RC no centro de saúde da Estrada, con doentes de baixo risco. No Clínico conseguiron reducir a morbilidade nun 25% entre aqueles sufriron algún episodio cardíaco.

Na área compostelá, o hospital comarcal de Barbanza dispón dunha pequena unidade de RC para unha poboación de 60.000 habitantes.

Na área de Pontevedra a colaboración entre varios servizos sanitarios, Cardiología, Medicina Física e Rehabilitación, permitiu no 2021, crear no CHUP unha, Unidade interdisciplinar de RC, que abarca a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e prevé atender unha media de 16 doentes á semana e uns 200 cada ano. A Unidade atópase na cuarta planta do Hospital Montecelo e contará cun cadro profesional formado por un médico de Cardiología, un facultativo de Rehabilitación, dous técnicos de Fisioterapia e un efectivo de Enfermería.

A Unidade de RC do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, foi ampliada recentemente, para atender 200 doentes cada ano.

A Área sanitaria de Ourense, incorporou, neste ano 2024, unha Unidade de RC no CHOU, cunha media de atención de 30 doentes a semana

Pero na Área Sanitaria de Ferrol, carecemos de Unidade de Rehabilitación Cardíaca. Un feito incomprensible, dado que a Área Sanitaria de Ferrol, é unha das que teñen maior incidencia de episodios de insuficiencia cardíaca o que fai prioritario a existencia de ese servizo.

A Área de Ferrol, conta cunha poboación de máis de 3000 doentes que superaron un episodio de cardiopatía e que precisarían da atención de estes servizos de rehabilitación cardíaca. A incidencia anual é de máis de 500 infartos de miocardio que, por fortuna, en gran parte actualmente se recuperan, pero que precisan dunha atención especializada e dun proceso específico de rehabilitación.

Pero estes doentes, atópanse totalmente desprotexidos e abandonados polo Servizo Público Galego de Saúde xa que, o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, non dispón desa necesaria Unidade de Rehabilitación Cardíaca.

Por elo, os doentes de cardiopatía da área de Ferrol, teñen que desprazarse a Santiago ou a Lugo que son os hospitais públicos máis próximos que dispoñen deste servizo.

Isto supón unha grande dificultade, para as persoas que padecen esta doenza e as súas familias, xa que o traslado ten que realizarse por medios propios ou públicos, xa que non son atendidos polo transporte sanitario.

Este desprazamento, con leva un custe adicional que, en moitas ocasións, non pode ser afrontado polos doentes de sectores económicos vulnerables, o que aumenta aínda máis a desigualdade a hora de acceder a un servizo público esencial, como é a sanidade, que debería ser unha das principais preocupacións da Consellería de Sanidade.

En suma, entendemos que non é de recibo que a Consellería de Sanidade manteña a Área sanitaria de Ferrol sen este servizo tan importante para a saúde e a calidade da atención sanitaria da nosa poboación, un feito que supón unha desigualdade e agravio manifesto e inaceptable, con respecto as outras áreas sanitarias galegas que si dispoñen de este servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello depropón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O PLENO DO CONCELLO DEINSTA Á XUNTA DE GALICIA Á CREACIÓN INMEDIATA DUNHA UNIDADE DE REHABILITACIÓN CARDÍACA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL, PARA DAR SERVIZO AOS NUMEROSOS DOENTES DE CARDIOPATÍAS EXISTENTES NA MESMA

Rematada a lectura e sometida a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia á creación inmediata dunha Unidade de Rehabilitación Cardíaca na Área Sanitaria de Ferrol, para dar servizo aos numerosos doentes de cardiopatías existentes na mesma.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, ós efectos oportunos.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira, para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciado o turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde concede a palabra e inicia as intervencións o Sr. González Trasancos que formula as seguintes:

- *“O tendido da fibra a quen lle corresponde, está descolgado”*

Sr. Alcalde: *“Eso é de Telefónica; ten que pedir responsabilidades a quen lle corresponda”*

- Sr. González Trasancos, pregunta *“Semáforo de Bares, cómo vai?”*

Sr. Alcalde: *“Vai metido no POS, estáse limpando e hai que facer algunhas obras”*

- Sr. González Trasancos: *“Veu o electricista, quedamos de falar para decirlle cales estaban fundidas”*.

Sr. Alcalde: *“Vai a ir a Bares, non sei se lle dara tempo esta semana”*.

Sr. González Trasancos,: *“O problema é o dos capuchóns que poden caer enriba de alguén”*

- Sr. González Trasancos: *“Talas forestais, nin mirades cando terminan cómo quedan as carreteras, quedan desfeitas”*

Sr. Alcalde: *“Totalmente dacordo”*

Sr. González Trasancos: *“Por onde pasan os camiños deberían achealos un pouco; baixando ó Barqueiro cortou Luismi e está limpo?”* pregunta. *“En outros sitios cóbrase un fondo”*

Sr. Alcalde *“Aquí hai que facer unha Ordenanza”*

Sr. González Trasancos: *“Tan sequera que boten unha pouca de auga”*

Sr. González Trasancos, presenta unha queixa *“Este ano parece que os Reis Magos non viñeron”*

A continuación inicia as intervencións o Sr. Rego Baamonde que formula as seguintes:

- *ENCE non estivo dacordo, son cans grandes”*

- Sr. Rego Baamonde: *Nós o único que pedimos é unha gravación de audio, non queredes que se reflexe todo o que se fala aquí ahí afora; en relación co tema do administrativo da Cámara Agraria, no Pleno ordinario eu con Calvín non se recolle o que eu lle contestei a Calvín. O que se fala aquí ten que ser escoitado igual ahí fora, é así de simple”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“Evolución dos costes de recollida de lixo, seis plenos levo pedindo”*



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. Alcalde: “ *Tú tranquilo que o ei de traer*”

Sr .Rego Baamonde: “ *É unha forma de rirse dun*”

- Sr .Rego Baamonde pregunta “ *A recollida de lixo, ten o mesmo coste aquí por abaixo que por arriba*”

Sr. Alcalde: “ *O que se reduciu foi un día a semana porque agora non hai tanto que recoller*”

Sr .Rego Baamonde: “ *Eu vexo pasar un día cada dúas semanas*”

Sr. Alcalde: “ *Agora van os luns e os venres*”

Sr. Rego Baamonde: “ *O tema dos plásticos agrícolas, seguemos igual? pregunta.*

Sr. Alcalde: “ *Volveremos a sacar o tema do camiión para recoller os plásticos e levalos a Ortigueira*”

Sr .Rego Baamonde: “ *Os plásticos agrícolas desaparecen e precisamente desaparecen nos contenedores*”

Sr. Alcalde: “ *Os que recollen non se queixan porque eu preguntolles o que hai nos contenedores*”

Sr. González Trasancos: “ *Un colchón e un bote de pintura que solicitei ó Concello para que o recolleran e recolleuno o camiión da basura*”

Sr. Alcalde “ *Igual o recolleron para deixalos na nave e levalos despois ó punto limpo*”

- Sr .Rego Baamonde, “ *Falades do camiión, cándoo se prevé que estea operativo*”, pregunta

Sr. Alcalde “ *ten que ir ó Pleno da Deputación porque subiu o prezo*”

Sr .Rego Baamonde: pregunta “ *E mentres non damos solución, non podía haber unha solución transitoria*”

Sr Alcalde: “ *Enches un bigbag e avisa*”

Sr. Rego Baamonde: “ *Teño 19*”

Sr. Calvín Fondevila “ *Mañá pregunto e xa che digo*”

- Sr Rego Baamonde: “ *O día 4 de abril no Pleno falamos dos viais, que faltaban sinais; o día 5 me dixeches que estaban gardadas, a de Arganzo e unha de STOpP para o cemiterio; eso dende o 5 de abril*”

Sr. Alcalde “ *Mario ten que ir a poñer un banco na Pista do Pedrón e hoxe, precisamente, lle dixeran que colocara esas sinais*”

Sr Rego Baamonde: “ *Sinais deterioradas hai máis; vexo que hai unha obra á beira da carretera e en vez de sinalar colocando unhas vallas colócanse uns carabullos cunha cinta*”

Sr. Alcalde: “ *Tes toda a razón*”

Sr. Rego Baamonde: “ *Entonces seguirán os carabullos o poñeranse unhas vallas*” pregunta

Sr. Alcalde “ *Tes toda a razón*”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “ *En qué fase vai a residencia*”

Sr. Alcalde: “ *Segue na mesma fase, o que non aparecen son os cartos*”

Sr. Rego Baamonde: “ *Cando haxa outras eleccións*”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Sr. Rego Baamonde “ *A Base Americana, ruína era e ruína segue*”

Sr. Alcalde “*Se piden cousas imposibles non se poden conceder*”

- Sr. Rego Baamonde: “ *Faleibos da ITV no último Pleno; porque veñan solo dous veciños non hai porque deixar a esos veciños sen servizo*”

Sr. Alcalde “*se non lle é rentable, non van a vir*”

Sr. Rego Baamonde: “ *Cando hai cartos é privada e cando non hai pasa a ser público. Hai que solícialo*”

- Sr. Rego Baamonde: “ *A Ponte de Ribeira do Bispo, no no vexo no POS*”

Sr. Alcalde “ *O POS non da para todo*”

Sr. Rego Baamonde: “*Non, da para gastos correntes, pero non para obras*”

- Sr. Rego Baamonde, pregunta “ *Ordenanza Forestal*”

Sr. Alcalde “ *Estamos en eso*”

- Sr. Rego Baamonde: “*Luces públicas en Grañas sen funcionar*”

Sr. Alcalde. “*Onte estiveron traballando*”

-Sr. Rego Baamonde: “ *O Pleno pasado falei en relación cos traballos que fixeron na ría, si se preguntara ás mariscadoras*”

Sr. Alcalde “ *Precisamente preguntei se fora ventaxosa para a ría e contestaron que había que esperar un ano porque trátase de oxisenar a area*”

Sr. González Trasancos: “ *Eso é unha burrada, eso non lle fixo nada*”

Sr. Calvín Fondevila: “ *As mariscadoras estaban contentas que o fixeran*”

Sr. Rego Baamonde “*Non somos ningún técnico, parece que debería haber un estudo feito porque desaparecen as coquinas, as ameixas van a menos*”

Sr. Alcalde “*Problemas de contaminación non hai; hai un biólogo que está tódolos días ahí*”

Sr. Rego Baamonde “ *A plantación aquí é salvaxe, ordeada non está; a lexislación está ahí pero mesa non a analizan*”

-Sr. Rego Baamonde: “ *Santeiro me dixo que no había carreteras de acceso que estiveran limitadas; hai tres cambios de sentido e dúas de acceso, todas limitadas a 30, cambios de sentido e accesos e ningunha vertebra o Concello*”

Sr. Santeiro Fernández: “*É un cambio de sentido fora da carretera*”

Sr. Rego Baamonde: “ *Hai tres accesos de cambio de sentido e dous de cambio de vía. Non parece que os veciños do Concello os interesen; por vergonza deberíades haber falado; ides a facer algo?*”

Sr. Alcalde: “*Tomo nota*”

Sr. Rego Baamonde: “ *Levas tomando nota dez plenos; Tí tes que facer unha solicitude e o enxeñeiro é o que dí sí ou non; vosoutros estades esperando a que haxa un accidente porque entón diraxe que era perigoso; que toda esta vila non teña un paso de cebra*”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. Alcalde: “ *Había un paso de ceбра no Centro de Saúde e quitárono porque estaba cerca dunha curva*”

Sr. Rego Baamonde: “ *Pero no protestaches*”

- Sr. Rego Baamonde: “ *A estrada da Deputación, está prevista algunha reforma*”, pregunta

Sr. Alcalde: “ *Sí, polo tema da reponteciación do parque eólico*”

- Sr. Rego Baamonde: “ *A Festa do marisco, qué tal resultou este ano*”, pregunta

Sr. Alcalde: “ *Foi ben*”

Sr. Rego Baamonde: *Sólo espero que en catro ou cinco anos o que falamos hoxe que o teñades en conta*”

Ás 21:16 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dña. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira